

Manifesto do Día da Paz e da Non Violencia

- Neste día da Paz e da non violencia, queremos transmitir a solidariedade entre nós e o respecto a todos os homes e mulleres coas súas particularidades e diferencias.
- Conscentes de que habitamos nun mundo con demasiadas experiencias de guerra e de violencia.
- Conscentes de que a violencia que deuse nas épocas anteriores ás nosas vidas, aínda non cesa na actualidade, segundo reflectan as novas todos os días : a violencia das guerras, do racismo, do terrorismo, a violencia de

xénero que segue a invadir a liberdade de moitas mulleres cada día en moitos lugares e , ás veces , aínda mais preto de nós, entre cidades, aldeas e ..., ata dentro das escolas e das familias.

NO “DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON – VIOLENCIA”

Manifestámonos e pronunciámonos ante todas estas inxusticias. Somos xóvenes que integrarán a sociedade do século XXI e soñamos cun planeta en armonía entre as xentes e a paz entre os pobos.

♥Soñamos que chegará o día no que non haxa máis fronteiras

♥Soñamos co que chegue o día no que, superados os extremismos

sexistas, homes e mulleres, ao fin, maduremos na tolerancia e nos mirémos cuns ollos de respecto e boa acollida.

♥Soñamos co día no que, as nosas valoracións, no terán en conta o sexo nin as razas sobre a terra, porque o importante será ser persoa. ♥

Soñamos co día no que, os corazóns de todos, superen as envexas, a desconfianza e non se coñezan nunca máis pelexas nin ameazas.

♥Soñamos co día no que, todos os fogares, sexan o espazo onde os adultos recobren cada día, a bondade interior e a tenrura e nós, os máis novos, desenvolvamos uns ollos limpos e un corazón forte.

♥ Soñamos co día no que sexa necesario borrar do dicionario palabras coma terrorismo, violación, narcotráfico, escravitude... porque, despois de caer en desuso, carezan xa de significado.

♥ Soñamos que chegará un fermoso día no que as montañas, os bosques, os mares, os peixes, o aire, as plantas, os animais e o home sexan pureza e harmonía natural.

♥ SOÑAMOS CON ESTE FERMOZO DÍA.:

😊 PORQUE O QUEREMOS,

😊 PORQUE A ESCOLA DA VIDA DINOS CO NECESITAMOS,

😊 PORQUE DE NÓS DEPENDE E CADA DÍA SOMOS MÁIS E MÁIS OS QUE NOS ESTAMOS A CONVENCER.

♥ QUE CHEGUE O DÍA NO QUE TODOS NÓS, AO LEVANTAR A VISTA, VEXAMOS UN MUNDO NOVO ONDE POÑA:

SOLIDARIEDADE E LIBERDADE !